

# O GMI Starotsis, campión do <sup>FD</sup> Trofeo Vila de <sup>16-7-08</sup> As Pontes

X. CENDÁN > AS PONTES

■ O IX Trofeo Vila das Pontes de xadrez desenvolveuse no Lar o pasado domingo, nunha competición que se inscribiu xa no programa da festividade do Carme. O torneo, que contaba cunha dotación de 500 euros en premios, disputouse ó xeito de partidas semirrápidas, cun total de sete roldas a cumprir para as que se acordou un tempo de 25 minutos a "finish" por xogador.

O campión absoluto foi o Grande Mestre Internacional leton Ilmars Starotsis. Segundo quedou o tamén Mestre Internacional, de nacionalidade rumana, Marius Manolache. E o terceiro xa foi Antonio Pazos, do Círculo Ferrolán. O listado de premios, ademais de para os primeiros da xeral, contemplaron tamén trofeos para os participantes que non tiñan acreditación ELO, así como ós mellores xadrecistas locais.

En canto ó mellor pontés, foi Antonio Castro, do Xadrez As Pontes, e a mellor pontesa, Rocío Tojeiro, do mesmo clube. No grupo dos que non posúen ELO Fide, o vencedor foi o coruñés, do Ex-Alcohólicos, Miguel Mendoza; segundo Miguel Pereira, de Novo clube de Ortigueira, e terceiro foi Francisco Leal, tamén do equipo herculino de Ex-Alcohólicos. Finalmente, entre os que non posuían nin ELO nin FIDE nin FEDA, o vencedor foi un deportista local, Javier Novo, por diante de Gonzalo Saavedra, de Pontevedra, e de José Antonio Gómez, de Silleda.

Entre as categorías de base, o gañador en xuvenís foi Jorge Mejuto, do Círculo Ferrolán, e en cadetes Carmen Graña, do mesmo clube. Por último, nos infantís gañou Brais Fernández, de Sigrás. A participación neste torneo das festas do Carme acadou os 36 xadrecistas.